

RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS 2º BACHARELATO

Normativa aplicable:

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

DOG Núm. 111_Martes, 13 de xuño de 2023.

Instrución 2/2026 pola que se concretan prazos e aspectos do procedemento para as revisións e as reclamacións finais nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato para o curso 2025/26

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/49359>

PROCEDEMENTO DE REVISIÓN NO CENTRO

Curso 2025/2026 - Convocatorias extraordinaria - 2º bacharelato

Día	
10 de xuño	Avaliación final ordinaria
10 de xuño	As 20:00 h. entrega de cualificacións
11 e 12 de xuño	Solicitud de aclaración sobre valoracións, cualificacións finais ou decisións de promoción
	Quén? Alumnado e persoas proxenitoras/titores legais
	Ante quen? Ante o profesorado e titor docente

Solicitud de revisión

12 e 15 de xuño	Quén?	Alumnado maior de idade ou persoas proxenitoras/titores legais
	Cando e onde?	Día 12 e ata as 14:00 h do día 15 de xuño de 2026, nas oficinas de secretaría do centro
	Ante quen?	Dirección do centro

Revisión da cualificación final		Revisión promoción ou titulación
16 de xuño	Informe do departamento, modificando ou ratificando a cualificación	Reunión extraordinaria do equipo docente que decidirá a modificación ou ratificación motivada e razoada
	Traslado do informe á dirección do centro	
	A dirección comunicará ao alumando e/ou familias a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada	
	A secretaría dilixenciará as actas de avaliación final nos casos que proceda	

Ante a dirección territorial

O procedemento de reclamación ante a dirección territorial será o establecido no artigo 43 da Orde do 26 de maio de 2023.

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia e/ou coa decisión sobre a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a dirección territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada.

17 e 18 de xuño	Quén?	Alumnado maior de idade ou persoas proxenitoras/titores legais
	Onde?	Nas oficinas de secretaría do centro
	Cando?	17 e ata as 14:00 h do día 18 de xuño de 2026
	Ante quen?	Ante o Director Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Comunicación á Inspección educativa

18 de xuño	Rematado o prazo de presentación de reclamacións, a dirección do centro comunicará á persoa inspectora a relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á dirección territorial, con indicación da materia ou das materias de segundo curso de bacharelato e/ou da materia ou das materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, e/ou de ser o caso da decisión de titulación, obxecto de reclamación. Data límite: 19 de xuño de 2026 <i>Confección do expediente de reclamación</i> 1. Cada expediente de reclamación da cualificación final referirase a unha soa alumna ou a un só alumno e a unha soa materia e incluírá a seguinte documentación: a) Solicitude de reclamación ante a Dirección Territorial presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal. b) Informe da persoa directora do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións á/ao alumna/o ou á súa nai, ao seu pais ou á persoa titora legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña. c) Solicitude de revisión ante a dirección do centro presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal. d) Informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia, que recolla a descrición de feitos e actuacións previas, explicación obxectiva e cronolóxica do acontecido ata o momento actual, así como as medidas ou intervencións realizadas. Tamén deberá incluír a decisión sobre a ratificación ou modificación da cualificación final outorgada, facendo as referencias necesarias ao establecido na programación didáctica e) Informe motivado elaborado polo departamento didáctico da materia da que se solicita a revisión. f) Copia da resolución da dirección do centro. g) Copia da programación didáctica da materia da que se solicita revisión e do seguimento da dita programación. h) Copia dos instrumentos de avaliación empregados (exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado pola/a devandita/o alumna/o ao longo do curso na materia obxecto da reclamación), que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno. No caso da convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos de avaliación do curso e no caso da convocatoria extraordinaria remitiranse os instrumentos de avaliación empregados no período extraordinario. i) Copia da acta de avaliación ordinaria ou extraordinaria. j) De ser o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas. 2. O expediente de reclamación da decisión de titulación incluírá a seguinte documentación: a) Solicitude de reclamación ante a Dirección Territorial presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal.. b) Solicitude de revisión ante a dirección do centro presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal. c) A acta da sesión extraordinaria do equipo docente, que recollerá a descrición dos feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación/modificación razoada e motivada da decisión conforme aos criterios establecidos na concreción curricular. d) Copia da resolución da dirección do centro. e) Copia do apartado da concreción curricular do centro na que consten os criterios de titulación ou promoción. f) De ser o caso, as novas alegacións da persoa reclamante de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.
19 de xuño	Remisión do expediente A dirección do centro docente tramitará os expedientes de revisión no centro de de reclamación ante a Dirección Territorial a través da aplicación <i>Protocolos educativos</i> (https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/)

Resolución da dirección territorial

A dirección territorial correspondente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa, resolverá o procedemento de reclamación.

A resolución comunicárase inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e para o seu traslado á persoa interesada e, de ser o caso, para rexistrarse nos correspondentes documentos oficiais de avaliación.

A dirección territorial resolverá no prazo máis breve posible e sempre antes do comezo da Proba de Acceso á Universidade (PAU). No caso de que a resolución supoña que a alumna ou o alumno pode presentarse a PAU, será comunicado á Comisión Interuniversitaria de Galicia.

Contra a resolución da dirección territorial, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.